

VI. ANUNCIOS**B) ADMINISTRACIÓN LOCAL****CONCELLO DA CORUÑA**

ANUNCIO de aprobación definitiva do estudo de detalle para a ampliación do complexo deportivo Agra I, en Agra do Orzán (expediente 631/2023/121).

O Pleno do Concello, na sesión realizada o 6.2.2025, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar o informe municipal do 19.12.2024, con CSV 3A2R1R10513W5D-1Q1DV0, no cal se analizan os informes sectoriais emitidos no expediente.

Segundo. Aprobar definitivamente o documento denominado «Estudo de detalle no Comple-
xo Deportivo Agra I, parcelas catastrais 6716003NJ4061N0001ML e 6716004NJ4061N0001OL,
Agra do Orzán, concello da Coruña, para a súa ampliación. Maio de 2024», promovido por De-
safíos Deportivos Forus, S.L.U. e redactado por J. Ignacio Triana, que incorpora as emendas
senaladas no acordo do 24.1.2024 de aprobación inicial do documento.

Terceiro. Notificarlle este acordo ao promotor do documento e aos servizos e departa-
mentos municipais interesados na tramitación do expediente».

O contido íntegro do estudo de detalle aprobado pódese consultar fisicamente nas
dependencias da Área Municipal de Urbanismo e de forma dixital na sede electrónica
deste concello, no enderezo electrónico <https://www.coruna.gal/urbanismo>, na epígrafe
«Planeamento/planeamento vixente», ou ben, desde a mesma web, a través do visor
«Desenvolvemento do planeamento».

Contra este acordo, con carácter de disposición administrativa de carácter xeral, pó-
dese interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante a sala correspon-
dente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 84.1 da Lei 2/2016, do 10 de
febreiro, do solo de Galicia, e artigo 201.1 do seu regulamento), no prazo máximo de
dous meses, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio,
de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da



xurisdición contencioso-administrativa, sen prexuízo de interpor calquera outro recurso que se entenda máis procedente e sexa conforme dereito.

A Coruña, 26 de febreiro de 2025

A alcaldesa

P.D. (Decreto 3531/2024, do 19 de xuño; BOP núm. 123, do 27 de xuño)

Francisco Dinís Díaz Gallego

Concelleiro delegado responsable da Área de Urbanismo, Rehabilitación e Vivenda

CVE-DOG: rycuj3k4-mpm5-mfu2-fra2-dtf6mgcoeko3

